



Carlos Arnos García foi o gañador da II Copa Federación de Cans de Rastro sobre Corzo

O día 22 de agosto tiña lugar en terras de Ortegal a 2ª Copa de Rastro sobre Corzo Sen Morte, onde lotes formados por seis cans e dous conductores, deleitaron os asistentes con lances de caza de gran merito, nun día no que os termómetros non baixaron dos 25 grados, e no que os cans, na súa maioría, non deron mostra de flaqueza apesares de non haber comenzado a tempada de caza, feito que foi mencionado por tódolos xuíces, así como o traballo de varios grupos, que cubriron o seu tempo máximo permitido, unha hora acosando ao corzo por catro ou cinco cans.

Ás 11 horas tiña lugar a solta dos lotes que participaban en segundo lugar nos diferentes campos, os cales apesares de que as temperaturas iban en incremento, os cans fixeron un traballo de gran merito, con achegamentos e levantes rápidos sobre a peza, e logo un seguimento que nalgúns casos sobrepasou con creces o tempo estipulado. Ás 14 horas tódolos participantes xa tiñan os seus cans recollidos para ir xantar, gracias a gran colaboración que tódolos anos nos brindan os socios de Ortegal, xa que cada lote ademáis dos 2 xuíces iba acompañado de 4 socios coñecedores da zona, para así auxiliar aos xuíces e ademáis axudar a recoller os cans aos participantes.



Ás 15.30, os xuíces daban os resultados desta segunda copa de rastro, e posteriormente a entrega de trofeos.

- 1º.- Carlos A. Arnos García con 842 puntos
- 2º.- Javier Bouzamayor Bustabad con 814 puntos
- 3º.- Martín Rivas Gómez 690 puntos
- 4º.- José A. Castro Picos con 682 puntos
- 5º.- Juan C. Villasuso Gómez con 578 puntos

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com